



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MULLERES RURAIS DE OURENSE PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO E APOIO ÁS SÚAS VÍTIMAS

.

(1) a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, facendo especial fincapé (artigos 4 e 6), na especial dificultade das mulleres do ámbito rural para acceder as recursos e aos servizos, establecendo a dita Lei, mandatos específicos para salvar a dobre discriminación das mulleres rurais, especialmente das que sofren situacións de violencia de xénero.

O artigo 7.2 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.





(2) **Antecedentes:**

No marco dos fondos finalistas asignados á CCAA de Galicia a través de Conferencia Sectorial de Igualdade para o exercicio 2019 encádrase o convenio de colaboración coa Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense, FEMURO, entidade sen ánimo de lucro composta por 68 asociacións de mulleres rurais federadas que se atopan diseminadas en núcleos rurais da provincia de Ourense integrando unhas 7.000 mulleres do medio rural da provincia, sendo a única Federación destas características en toda a provincia. Entre os seus fins está o de contribuír á igualdade de oportunidades e o desenvolvemento das mulleres rurais en todos os ámbitos (social, político, económico e social), fomentar a participacións das mulleres e mellorar o benestar social e a súa calidade de vida, así como promover a prestación de servizos sociais nas diferentes áreas de actuacións dos servizos sociais comunitarios..

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, con data 31 de outubro de 2019 formalizouse coa Federación de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

(4) O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense, FEMURO, para o desenvolvemento por unha banda de accións de sensibilización no eido da violencia de xénero, incluíndo ás mulleres integrantes das asociacións que integran a Federación, así como a través de obradoiros nos centros educativos, e por outra para levar a cabo programas de apoio aos recursos profesionais de atención ás vítimas da violencia de xénero, traballando coas mulleres e cos seus fillos e fillas en programas de respiro familiar, onde se aborden temas relativos á resolución de conflitos, autoestima e xestión de emocións.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Que a a Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense, FEMURO, leva a cabo actividades de información, formación, atención, apoio e acompañamento á mulleres do ámbito rural, entre elas a mulleres vítimas da violencia de xénero, promovendo ademais accións de





información e formación nas que sempre e de xeito transversal se atopa presente o enfoque de xénero.

Pola súa dimensión e capacidade de chegar a un importantísimo número de mulleres rurais da provincia de Ourense, a súa experiencia e coñecemento do medio rural e a especialización das profesionais coas que colabora no campo da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, a Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense reúne as condicións para o desenvolvemento dun Programa de atención para o de apoio socio-asistencial de mulleres vítimas de violencia de xénero, programa que non pode asumir outra Federación da provincia da Ourense, por ser FEMURO a única existente e que reúne a experiencia precis.

Noveno.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero do ámbito rural e aos seus fillos e fillas un apoio e acompañamento especializado a través de persoas con formación e coñecemento específico no eido da igualdade e da violencia machista, de xeito gratuíto.

(6) Aplicación orzamentaria: 05.11.313D.481.0

Contía total: 15.000 €

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
<http://igualdade.xunta.es/>



A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella



Xacobeo 2021

